



O PREMIO

**VICTORIA
TELJEIRO**

**XURXO
CORTÁZAR**

**RAQUEL
ESPADA**

**DRAMATURXIA
SANTIAGO CORTEGOSO**

**DIRECCIÓN
MARIÁN BAÑOBRE**



O PREMIO

**QUERES SER O GANADOR
DE "O PREMIO"?**

QUERES DAR A TÚA VIDA POR UN SOÑO?

➡ ¡TI POS O PREZO! ⬅

1. O XOGO

SINOPSE

“O Premio” é unha comedia aceda que fala da situación das persoas dentro dun futuro próximo no que o progreso tecnolóxico e a loita cara ao éxito económico, sentimental e social fose tal, que se viron obrigadas a caer en “O Premio” como única fórmula de conseguir a felicidade. “O Premio” é un reality en directo onde o público vota a quen merece levar o premio da súa vida: **“Morrer logrando a fama. Todo por un soño”**

O GANADOR DE “O PREMIO”

Terá 24 horas de vida para gozar dos seus soños.

Terá 5 millóns de euros para a causa que el queira.

Poderá escoller a súa morte e morrer sendo un heroe.

2. AS REGRAS DO XOGO

ARGUMENTO

Nun futuro non moi afastado, cando o envellecemento da poboación sexa tal que a carga das pensións mergulle ao país na “crise ao cubo” aos dirixentes do estado ocórreselles unha insólita e popular medida: crear o xogo da túa vida.

ASÍ TODOS GAÑAN:

1

Afórranse os gastos que esa persoa vai ocasionar ao estado.

2

Xéranse ingresos millonarios por parte dos patrocinadores e publicidades.

3

O concursante poderá cumprir os seus soños.

4

Unha causa nobre beneficiarase con 5 millóns de euros.

3. ANO 2050

CONTEXTO

O ENVELLECIMENTO.

<España no 2050 vai ser o país máis envellecido de toda a Unión Europea>
(elexornal Antena 3)

¿Que vai pasar cando suceda o que parece que a día de hoxe non queremos escoitar?

A MULLER.

<A porcentaxe de mulleres en carreiras TIC se estanca no 12 %>
(La Voz de Galicia)

¿Que pasará se a muller perde os dereitos que tanto logrou conseguir?

A SOCIALIZACIÓN

<España é o quinto país do mundo que máis tempo pasa co móbil>
(O Confidencial)

¿Que vai pasar cando a vida virtual sexa máis importante que a propia vida?

A TELERREALIDADE.

<Un programa de televisión australiano levou aos seus participantes para experimentar cara a cara a guerra en Siria entre o Estado Islámico e as milicias kurdas> (2015)

é o momento dos realitys, e xa vemos todo no momento real, pero que vai pasar cando queiramos ver máis?

A INSATISFACCIÓN.

<España está no posto noveno a nivel mundial no consumo de antidepresivos (datos de Statista, 2015)>.

¿como estará o traballador do 2050? haberá xubilacións? quen poderá cumprir os seus sonhos?

Os valores desvanécense e o individuo proxéctase nun ser perfecto que sae pola tele e no que ansía converterse. Parece que todo nesta vida ten un prezo.... **que prezo ten a morte?**

<Se aceptas que es mortal, dar ese paso á morte non custa nada>

Ramón Sampedro

4. FORMA DE XOGAR

SINGULARIDADE

Como en todos os espectáculos da Quintana Teatro as súas montaxes parten da investigación a pé de rúa e constrúense a través da creación colectiva. A compañía sempre está aberta aos estímulos externos co fin de que sirvan de inspiración para a creación de novas formas teatrais. Nesta ocasión os temas para explorar serán a muller cosmopolita, a muller tradicional, o home perdido entre medias e á súa vez o prezo da felicidade.

Unha procura colectiva que enriquece o traballo actoral que nesta ocasión será compartido cos personaxes que aparezan na pantalla. A través de vídeos mostraremos a vida dos protagonistas, xogando coa súa privacidade, levando ao límite a súa capacidade de exhibición, sacando á luz as súas miserias, os seus vicios e os seus segredos máis ocultos.

Un Circo Romano en pleno 2050 onde os escravos apuntáronse por vontade propia e están desexosos por entrar.

É por tanto un proxecto diferente e singular, tanto pola temática que aborda, como pola sorprendente posición na que se coloca ao público, xa que el deberá votar quen debe gañar:

Tres finais distintos en función dos espectadores.

Con só tres actores crearemos a convención de que o espectador viaxou 30 anos no tempo, ata 2050.

Cales son as probas que decidirán o teu destino?

5. OBXETIVOS

CON ESTE PROXECTO PRETENDEMOS:

Involucrar ao público nun reallity no que a fronteira entre ficción e realidade non ten límites e chega ata a mesma morte

-

Explorar que significa ser muller e sobrevivir ao ritmo trepidante que a multiplicidade de roles e actividades supón.

-

Indagar en como afecta o cambio nas relacións humanas que a tecnoloxía está a provocar.

-

Reflexionar sobre a felicidade personal y sobre la idea de cuál es nuestro sueño.

-

Abordar o tabú da morte abertamente e explorar ata onde o tempo ou a calidade de vida deben ir parellos.

-

Crear novas audiencias combinando a linguaxe teatral coas posibilidades interactivas que ofrecen as novas tecnoloxías.

*<De que vale resistirse á perda de calquera cousa, en especial a vida,
se non a estamos vivindo>*
(Anónimo)

6. PROPOSTA DE DIRECCIÓN

<A vida é un día curto entre dúas noites>
(W. Shakespeare)

INTERACCIÓN CO PÚBLICO

Á súa entrada seralle entregado ao público un número cun adhesivo, que reflicta o número de concursante, pois nesta gravación da primeira edición de “O Premio” convidouse aos últimos concursantes seleccionados e en directo escolleranse aos tres finalistas. Deste xeito, convértense nun elemento máis do espectáculo, participante activo do desenlace do mesmo.

A interacción co público será fundamental no transcurso do programa, a interrelación cos elementos visuais farán que xogo e espectáculo dominen ata o punto de poder transcender o sentido de “realidade”.

ESPACIO ESCÉNICO Y VIABILIDAD TÉCNICA

O espazo que expomos é un estudio de televisión do ano 2050 cun deseño minimalista. Un espazo ambiguo que poida insinuar un limbo, un edén ou un lugar intermedio, onde o tempo ten outra dimensión e onde poden xurdir as grandes preguntas da vida.

Será un lugar diáfano con proxeccións ao fondo, o resto de elementos serán accesorios para as distintas probas, pero en todas elas tentarase que os participantes midan o seu enxeño, a súa astucia, o poder de manipulación... elementos todos eles que non precisan de grandes atrezos para mostrarse.

Os espectáculos da Quintana Teatro, son montaxes que poden adaptarse a múltiples espazos.

Dado que o traballo céntrase nas interpretacións, non dependemos das dimensións ou a dotación técnica do espazo e iso permitiu que estivésemos programados en espazos moi diversos: Centro Dramático Nacional, Ambigú do Pavón Teatro Kamikaze, no Patio da Casa Acesa, mesmo ao aire libre, no Festival Celestina. A contratación deste espectáculo está aberta a multitude de circuitos, ampliando tamén a mirada ao ámbito social e pedagóxico.

ESTRATEGIAS DE DIFUSIÓN

A Quintana Teatro, sempre abordou temáticas sociais, que xeraron moito interese pois o texto sorprende ao público tratando historias de gran actualidade.

Co Premio recibe a axuda de Coprodución do Centro Dramático Galego e a Axuda de Producción do Concello de Madrid.

A través de vídeos promocionais semanais que simulen a emisión real do programa irase xerando interese no público e construíndo un relato que culminará na obra final. Desta maneira A Quintana ampliará o número de seguidores en redes e establecerase unha relación directa entre o teatro e o audiovisual coa intención de captar a un tipo de público pouco habituado a ir ao teatro.

7. OS XOGADORES

FICHA ARTÍSTICA

Directora:
MARIÁN BAÑOBRE

Dramaturxia:
SANTIAGO CORTEGOSO

Actores:
VICTORIA TEIJEIRO, RAQUEL ESPADA Y XURXO CORTÁZAR

Creación:
COLECTIVA

Escenografía e Vestuario:
MARISA DE LAIGLESIA

Diseño de luces:
JAVIER QUINTANA

Técnico de luces:
ANXO OUTUMURO

Video:
LUCÍA ESTÉVEZ

Creación sonora:
JOSÉ LUIS FRAGA

Producción:
LA QUINTANA TEATRO, ESCENATE Y ZEENA PRODUCCIONES

Coproducción:
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO Y EL AYUNTAMIENTO DE MADRID

Distribución:
MARÍA MORAL

➡ EQUIPO ARTÍSTICO ⬅



MARIÁN BAÑOBRE

Marián Bañobre é actriz, pedagoga e creadora escénica. Licenciada en socioloxía na Universidade da Coruña e diplomada en Interpretación en Casahamlet, ademais de en numerosos talleres monográficos.

Desde 1.999 traballa como actriz en compañías tanto de Galicia (Teatro de Ningures, Teatro do Morcego, CDG, Nove Dous, etc.) como de fóra (Theatre Organic – Francia-, Teatro Triángulo-Madrid-, etc.). En 2001 forma dúo cómico con Isabel Risco.

Desde 2010 vén desenvolvendo o seu traballo dentro da compañía Ibuprofeno Teatro, xunto con Santiago Cortegoso coa finalidade de emprender proxectos propios e persoais dentro do mundo das Artes escénicas: Casa Ou'Rei (2018), Raclette (2016) e Ou Furancho (2015) entre outras.

Como directora codirixe algunhas producións con Santiago Cortegoso, como “Pequenos Actos Pseudorrevolucionarios” ou “ A órbita do Lucecú”. Xa en solitario, dirixiu “ Monstruación” de Enconarte Produccións e “Invisibles” de Redrum Teatro recentemente Premiada en 2019.

Gañadora de cinco Premios María Casares: Mellor dirección e Mellor adaptación, dúas como Mellor actriz, Mellor Vestiario. Foi finalista en tres ocasións no Premio de Teatro Radiofónico do Diario Cultural da Radio Galega xunto con Santiago Cortegoso, conseguindo o premio do público pola obra Intercom baby no ano 2011.



SANTIAGO CORTEGOSO

É actor, dramaturgo e director. Despois de traballar como actor en numerosos espectáculos de compañías galegas (Teatro de Ningures, Teatro do Morcego, A Factoría Teatro, Nove Dous, Llu Llu teatro, etc.), intensifica a partir de 2009 a súa actividade na escritura e na dirección de escena, á fronte da súa compañía: Ibuprofeno teatro.

Algúns dos seus traballos recentes son:

Casa O'Rei (escritura e dirixida para Ibuprofeno Teatro)

Raclette (Premio Álvaro Cunqueiro 2014, estreada por Ibuprofeno Teatro en 2016, Premio Fervenzas Literarias a Mellor Libro de teatro do 2015, Premio ao Mellor espectáculo na Feira de Ciudad Rodrigo 2016, Premio María Casares o Mellor texto orixinal, Finalista nos Premios Max 2017 nas categorías de Autoría e Dirección)

O camiño dos paxaros (escritura e dirixida para Magín Blanco, 2017),

Desconexión (escritura e dirixida para Xurxo Cortázar, 2017)

A órbita do Lucecú (Dirección e coordinación do proceso de escritura, para Lucecús Teatro 2015)

O Furancho (Ibuprofeno Teatro 2015, Finalista nos Premios María Casares o Mellor texto orixinal, Premio do Público no FETEGA co Carballiño)

Smoke on the water (Premio MOME Varela Buxán 2013),

Pequenos Actos Pseudorrevolucionarios (Ibuprofeno Teatro 2012, Premio María Casares o Mellor texto orixinal)

O charco de Olieras (Bolsa Iberescena 2010, editado en Artezblai)


A filla de Woody Allen (Ibuprofeno Teatro 2010, Finalista prêmios Max o Mellor Autor Gallego, Premio Coiro de Galiña da Sala Ingrávida 2016)

O'7% Molotov (Premio Rafael Dieste 2009, estreado por Teatro de Ningures, finalista a Mellor texto orixinal nos Premios Max e nos Marías Casares 2012)

Hámster (Seleccionado nos III Encontros en Magalia 2008, editado no nº 60 da RGT, estreado por Sálga Triángulo de Madrid en 2009),

Deas-memoria-2 (Para Disquedanza, 2009)

Os Cómicos dell'Auto (Para Teatro de Ningures, 2009, finalista nos Premios María Casares 2010 o Mellor texto orixinal), etc..



VICTORIA TEJEIRO

Licenciada en Interpretación Textual (RESAD), Diplomada en Terapia Ocupacional (A Coruña), Master en Arteterapia para a Inclusión Social (UAM) e Posgrado en Psicomotricidade na Universidad de Comillas-EIPS.

Desde 2005 traballa como actriz en distintas compañías de teatro: Compañía Nacional de Teatro Clásico, Centro Dramático Nacional, Ibuprofeno Teatro, Factoría Teatro, etc., así como en diferentes series de televisión: Fariña, Águila Roja, Aída, Cuéntame, etc e en cinema en Esperando Septiembre e La isla de los secretos dirixida por Paula Cons.

Acaba de rodar a serie “A lei de Santos” para Voz Audiovisual.

En 2006 funda A Quintana Teatro da que é actriz e produtora, coa que estrea Innómines (Camiño á Felicidade) e Realidades. Actualmente en xira con Desde o Invisible (Premio MAX 2008 ao espectáculo Revelación) reestreado no Festival Unha Mirada Diferente 2018 do CDN.

Recibe o Premio Mellor Actriz no Certame Nacional de Vegas Bajas.

Desde o 2014 preside A Quinta da arte (Asociación Cultural que defende a arte para a Inclusión Social) coa que realiza proxectos de Teatro Inclusivo dentro do proxecto de Cultura Inclusiva do Concello da Coruña www.laquintadelarte.org

Foi profesora de Interpretación e Movemento en distintas escolas de Interpretación (ESAD de Vigo, Escola Ficción de Voz Audiovisual, Sala Malasaña ou el Almadén Teatro) con máis de 10 anos de experiencia.

Doctoranda en Teatro Inclusivo na Facultade de Educación da UAM, formando parte do Grupo de Investigación “Cambio Educativo para la Justicia Social” (GICE) www.victoriateijeiro.com



RAQUEL ESPADA

Comeza a súa carreira de Arte Dramático na RESAD (Madrid) para posteriormente trasladarse a Galicia, finalizando os seus estudos na ESAD de Vigo (promoción 2011).

Unha vez licenciada es becada pola Deputación de A Coruña para o seu “Desenvolvemento e Investigación de estudos artísticos” realizando o Máster en Interpretación ante a cámara na Central de Cine (Madrid).

Completa a súa formación con Lorena Bayonas, Laila Ripoll, Alberto Velasco, Lidya Oton, Ernesto Arias, Alfredo Sanzol ou Juan Codina entre outros. Consta de experiencia profesional teatral e audiovisual, sendo esta última destacada con dous premios como Mellor Interpretación Protagonista Feminina pola serie “Nadía en Costa” dirixida pola coñecida directora Chus Gutiérrez.

Protagonizou durante tres anos a serie diaria “Ou Faro” producida por Televisión de Galicia e a Forta, emitíndose en todas as autonómicas nacionais e en catros países estranxeiros.

Este ano 2019 formou parte do elenco teatral na produción do Centro Dramático Gallego “Neorretranca e Posmorriña”



XURXO CORTÁZAR

Comeza a súa formación na Aula de Teatro Universitario de Pontevedra e con distintos profesionais como Joan Serrats, Maria del Mar Navarro e Andrés Hernández, Etelvino Vázquez, Andrés Lima, Andrea Jiménez ou Noemí Rodríguez entre outros.

En 1996 comeza a traballar como profesional coa compañía Migallas Teatro onde actúa en espectáculos tanto para adultos como para público infantil e familiar.

Despois duns anos combinando a interpretación coas tarefas de produción e dirección artística en diferentes programacións e actividades promovidas polo Concello de Pontevedra (Domingos do Principal, Feira do Humor, Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, etc.) produce e protagoniza o monólogo A Penitencia do Pirata, de Budumbu Producións. Premio ao Mellor Espectáculo Innovador na 24ª Mostra de teatro de Ribadavia); Babiliglub; Festas do Axóuxeres e Botazz etc

En 2011 dirixe o seu primeiro espectáculo: Valados para Artestudio Teatro, do que tamén forma parte do elenco, e comeza a traballar na compañía Baobab Teatro nos espectáculos Babs; Ou Soldadiño de Chumbo e Martes.

En 2017 produce e protagoniza o monólogo Desconexión escrito e dirixido por Santiago Cortegoso, co que vira por Galicia ata finais do ano 2019.

Actualmente combina o teatro con diversas intervencións no audiovisual con aparicións en series e programas da TVG.

<http://xurxocortazar.wixsite.com/xurxocortazar>

A COMPAÑÍA



A Quintana Teatro nace da inquietude de pararnos a observar o mundo e plasmar no teatro as realidades sociais máis escondidas a partir dun proceso de investigación a pé de rúa. Por mor das vivencias, realizamos a creación colectiva onde o movemento e a palabra aúnan as súas enerxías para abrir portas, consciencias, e poder chegar a ver a través doutros ollos. Os seus ollos.

Ao recibir en **2008 o Premio MAX ao espectáculo revelación**, a compañía consolídase como unha das grandes promesas na carteleira madrileña, realizando máis de 300 funcións, xira nacional, rede de Madrid, Feira de Artemad, rede de Teatros Alternativos, rede de Castela a Mancha e facendo Xira Internacional, actuando en Venezuela, Costa Rica, Guatemala, México, O Salvador...

Desde entón leva estreados **tres espectáculos máis en Madrid:**

2008 “Innómines” dirixido por Luís Blat e estreado na Feira Internacional de Huesca, facendo representacións en C. C. Moncloa e tempada en Madrid.

2010 “Realidades” coproducida pola Fundación A Caixa e dirixido por Lida Palazuelos e estreada no C. C. A Elipa

2012 “O Bolso ou A Vida” dirixido por Rolando San Martín e estreada na Kubik Fabrik e coproducida polo Instituto da Muller.

No 2018 reestreado “Desde lo Invisible” estreada no Teatro Valle Inclán do Centro Dramático Nacional, fixo tempada o pasado outono no Pavón Teatro Kamikaze (Madrid), actuou en Boston (EEUU), recibiu a Axuda de Xira do Ministerio o pasado ano e acaba de facer tempada no Centro Dramático Galego.



CONTACTO

www.laquintanateatro.es

www.facebook.com/laquintana.teatro

<https://twitter.com/QuintanaTeatro>

www.instagram.com/laquintanateatro

DISTRIBUCIÓN

MARÍA MORAL

distribucion@zeenaproducciones.com

T +34 680 557 163

